

MEDIOS COMUNITARIOS

Aula Expositiva do 2 de abril de 2013.

Sobre a ficha para idear un medio.

Convidada: Carme Mayugo i Majó. Real_Code/Teleduca.¹

Esquema realizado por: Sabela Rodríguez, Daniel Viña e revisado por Marcelo Martínez.

Puntos tratados:

1.- O primeiro paso no referido á construción dun medio comunitario consiste en coñecer o territorio, é dicir, o espazo no que ese medio da comunidade vai facer “lugar de encontro social”² Estamos a falar dun medio “da” comunidade, por tanto, daquel que xurde do convivio das persoas que precisan formalizaren unha actividade, dálle difusión a un problema ou a un conflito ou, simplemente, tomar voz e xuntar á xente.

2.- Seguidamente, cómpre entender a comunicación empregándoa nun sentido amplo, que nos pode resultar útil como: instrumento de construción social, ferramenta para transmitir información ou para desenvolver ferramentas de acción sobre o entorno para transformalo nun lugar mellor, habitable.

Xa que logo, a comunicación ten un sentido “ecosocial”, que conleva relacións en rede sociais tradicionais e virtuais, contidos- entendidos como procesos de información e de formación persoal e colectiva- e causas propias dentro da comunidade que respondan ó seu cadro de vida³.

3.-O medio comunitario tamén é unha boa ferramenta en territorios concretos e de organización para a autoxestión, sen mediacións externas. Debemos definir quen somos, como queremos ser representados e ata onde (diferenciar a nosa visibilidade no espazo social: no espazo público, na esfera privada, para entendérmonos desde os criterios do pensamento occidental ó uso)

4.- Ligado á autorrepresentación está o entendemento da comunicación comunitaria como un lugar no que suceden cousas entre intereses diverxentes con espírito de encontro para xerar algo novo. É dicir, non só é observar o que pasa e pórse no lugar do outro, senon actuar con el, naquilo que xuntos procuremos.

5.- Estamos afeitos a que a intermediación veña desde arriba, desde as institucións, xa que non houbo espírito de xerar acordos entre a comunidade, e dentro a comunidade e as institucións. O xornalista acode primeiro ao concello ante un problema veciñal, non recorre ás familias. O xornalista é visto como un intermediario máis, en lugar dun mediador entre comunidades, persoas, formas de pensar...

6.- Hai que entender a comunidade como algo vivo, con interacción.

¹ Carme Mayugo é unha investigadora e traballadora en medios comunitarios e da educomunicación (comunicación para a aprendizaxe social) O seu ámbito de traballo é Catalunya, cos concellos e organizacións sociais, activando grupos (muller, migrantes, interxeracionais,...) e capacitandoos en comunicación.

² Lugar de encontro social interprétase como unha misión do medio. Quere dicir que hai que coñecer os grupos humanos que alí se activan e desenvolven e poñelos en relación ó través do “medio”, ou en relación nunha práctica comunicativa concreta. Cualifica e capacita ó medio en si, como tal.

³ Cadro de vida, refírese a aquilo que é preciso para a vida persoal e dunha comunidade (desde servizos de saúde, espazos verdes, auga, comida, centros de cultura,..) O cadro de vida muda respecto da idade, o xénero,... nunha persoa, nos colectivos, na propia comunidade no seu conxunto. Interpretase coma un dispositivo de socialización, cohesionador e integrador, ó tempo.

Un exemplo de medio comunitario de barrio en Barcelona: *Desde La Mina*⁴

<http://desdelamina.net/drupal/>

⁴ La Mina é un barrio barcelonés de aluvi3n, de migraci3n andaluza e extremeña primeiro, e, ap3s un gueto onde recluiron 3 poblaci3n rom (cigana) no proceso de xentrificaci3n, muito antes da 3poca ol3mpica que viviu a cidade e que operou noutras barriadas como El Raval ou Poble Nou.